

LINGUA GALEGA

Texto:

Cando **escribo** esta anotación, coa intención de expresar a **miña indignación** polo asasinato **machista** de Pontesampaio, coñezo a noticia doutra vítima en **Manresa**.

Un feminicidio que non cesa, a pesar dos chamamentos desesperados das organizacións **feministas**. **Cinco** vítimas en Galicia no que vai de ano, case medio cento en toda España, catro na última semana, son cifras que ilustran este horror que non se converteu, **aínda**, nun problema de estado **nin** aparece entre **os** temas da axenda electoral de decembro.

Só a resposta cidadá e educativa abren cadansúa **xanela** para a esperanza de poder erradicar a longo prazo o virus machista, **xerme** deste feminicidio. Con todo, é **imprescindible** activar máis medidas e **máis** eficaces de protección das vítimas e das denuncias, como exixir aos partidos que asuman parar este feminicidio como unha **prioridade** política, unha posición orixinal compartida, coma se fixo no seu día co terrorismo de ETA. Non abonda con lamentar os asasinatos de mulleres, cómpre activar na sociedade unha resistencia contra eles.

(Manuel Bragado, blog *Brétemas*. 26.10.2015)

Cuestións:

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (subliñadas): *indignación, feministas, xanela, xerme, prioridade* (1 punto).
2. Escriba un título para este texto, e logo indique as ideas principais (2 puntos).
3. Indique a categoría gramatical das seguintes palabras no texto (destacadas en letra negra): *escribo, miña* (l. 1), *machista, Manresa* (l.2), *cinco* (l. 4), *aínda, nin, os* (l. 6), *imprescindible, máis* (l. 10) (1 punto).
4. Conxugue o presente de indicativo e o presente de subxuntivo dos seguintes verbos: *ser, poder, ter, subir, haber* (2 puntos).
5. Escriba un comentario crítico do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do autor (4 puntos).